

Mércores, 31 de maio de 2017

Núm.

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

#### **BAIONA**

#### **Recadación**

#### *APROBACIÓN DEFINITIVA DO PREZO PÚBLICO POLO APARCAMIENTO NO PARKING ARAL*

#### *A N U N C I O*

O Pleno deste Concello, en sesión de dez de marzo de dous mil dezasete aprobou inicialmente a Ordenanza reguladora do prezo público esixido pola prestación do servizo de aparcadoiro do Concello de Baiona.

Mediante anuncio no B.O.P. nº 59 de 24/03/17, expúxose ó público polo prazo de 30 días hábiles, sen que no mesmo foran presentadas reclamacións, polo que se consideran elevados a definitivos os acordos provisionais, de conformidade co artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo R.D. Legislativo 2/2.004 de 5 de marzo. Asimesmo ós efectos do artigo 17.4 da Lei publícase o texto íntegro da Ordenanza. A súa entrada en vigor producirase dacordo co previsto nos seus artigos.

Contra este acordo poderase interpor recurso contencioso administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Vigo (Lei 29/1998 de 13 de xullo) no prazo de dous meses

#### **“ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLO SERVIZO DE APARCAMENTO NO PARKING ARAL**

#### **Artigo 1.—Fundamento Legal**

No uso das atribucións conferidas polos artigos 41 a 47 e 127 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo de aparcamento no “PARKING ARAL”, sito no subsolo do espazo libre existente entre as rúas Venezuela e Dolores Agrelo.



Mércores, 31 de maio de 2017

Núm.

A través desta ordenanza regúlase o prezo público polo servizo de estacionamento limitado no tempo do parking público “Aral”.

## Artigo 2.—Nacemento da obriga

A obriga de pagar o prezo público regulado nesta Ordenanza nace dende que se inicia a prestación do servizo de aparcamento municipal, coa mera introdución do vehículo dentro do recinto do aparcamento.

## Artigo 3.—Obrigados ao pagamento

Estarán obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta Ordenanza os condutores dos vehículos que accedan ó uso do aparcamento, sendo responsables subsidiarios do pago as persoas físicas ou xurídicas titulares dos mesmos.

Será requisito imprescindible para a saída de calquera vehículo o previo pagamento do importe do prezo público devindicado.

## Artigo 4.—Tarifas

As tarifas esixiranse conforme á seguinte escala por utilización horaria:

1.—*Tarifas reducidas: de luns a venres, no festivos, de 07:00 a 23:00 horas, do 1 de xaneiro a 14 de xuño e de 11 de setembro a 31 de decembro:*

CONCEPTO: TARIFA ROTACIÓN	Base imponible	Tarifa con IVE 21 %	Importe hora: IVE engadido
Importe minuto primeira hora	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Importe minuto a partir min 61	0,02066 €	0,025 €/minuto	1,50 €/1ª hora
Importe minuto a partir min 121	0,01377 €	0,0166 €/minuto	1,00 €/ hora
Máximo diario: 14 horas ou perda de ticket	11,1570 €		13,50 €/día

2.—*Tarifas ordinarias:*

- Fins de semana e festivos de 07:00 a 23:00 horas, de 1 de xaneiro a 14 de xuño, e de 11 de setembro a 31 de decembro.



Mércores, 31 de maio de 2017

Núm.

- Tódolos días, nas 24:00 horas de apertura do aparcadoiro, de 15 de xuño a 10 de setembro

CONCEPTO: TARIFA ROTACIÓN	Base imponible	Tarifa con IVE 21 %	Importe hora: IVE engadido
Importe minuto primeira hora	0,02066 €	0,025 €/minuto	1,50 €/1ª hora
Importe minuto a partir min 61	0,01377 €	0,0166 €/minuto	1,00 €/ hora
Máximo diario: 13 horas o perda de ticket	11,1570 €		13,50 €/día

3.—*Abonos mensuais, importe aplicable para períodos anuais*

CONCEPTO: CONTRATOS ABONADOS ANUAIS	Base imponible/mes	Tarifa con IVE 21 % engadido/mes
Abonado 24 horas de calquera tipo, incluído caravanas	42,98 €	52,00 €
Abonado diúrno: de 7:00 a 22:00 h de luns a domingo.	32,23 €	39,00 €
Abonado moto 24 h	28,93 €	35,00 €

4.—*Abonos por contratos de traballo temporal, vinculados ao incremento poboacional na tempada estival. Aplicables de 1 de xuño a 30 de setembro*

ABONADOS TEMPORAIS POR CONTRATO DE TRABALLO	Base imponible/mes	Tarifa con IVE 21 % engadido/mes
Abonado diúrno: de 7:00h a 22:00 h de luns a domingo	42,98 €	52,00 €
abonado 24 h	57,02 €	69,00 €

Para poder beneficiarse destas tarifas será necesario que o solicitante aporte copia do contrato de traballo suscrito, xunto con a solicitude de abonado temporal. Para a baixa do contrato deberá aportar comunicación de fin de contrato

5.—*Bonos na tempada estival*

CONCEPTO: BONOS DE VERANO	Base imponible/mes	Tarifa con IVE 21 % engadido/mes
7 días	41,3223 €	50 €
15 días	79,3388 €	96 €
1 mes	119,0082 €	144 €

6.—*Outras tarifas*

CONCEPTO.	Base imponible/mes	Tarifa con IVE 21 % engadido/mes
Mantemento mes titulares dereito de concesión	9,92 €/mes	12 €/mes
Tarxeta abonado aparcadoiro: só para abonos anuais	4,13 €	5,00 €

A contía das tarifas deste prezo público será exposta en lugares visibles á entrada e saída do aparcamento municipal.



Mércores, 31 de maio de 2017

Núm.

Na modalidade de estacionamento rotatorio, no que o prezo se establece por minuto de estacionamento, o cuantificación do prazo de tempo que serve de base para a determinación da tarifa deste prezo público será o resultado da diferenza entre a hora de retirada ou saída do vehículo e a hora de entrada do mesmo no recinto do aparcamento, segundo a tarxeta ticket, expedida pola instalación de control de acceso.

Neste suposto, será requisito imprescindible a presentación da citada tarxeta-ticket para a avaliación do importe a satisfacer por este prezo público. No suposto de non presentar a tarxeta no momento de efectuar a saída do vehículo do recinto do aparcamento, a cuantificación da tarifa farase en función do tempo real de estancia, determinado a través do sistema de identificación de matrícula, día, hora e minuto de entrada, que ten instalado o aparcamento de conformidade coa normativa vixente.

### **Artigo 5.—Cobro do prezo público**

O pagamento do prezo público efectuarase mediante recibo unha vez finalizado o servizo, no momento da saída do recinto do aparcamento, no caso de servizos por horas en estacionamento rotatorio.

Non obstante, cando se trate de abonos, o pagamento do prezo público farase por adiantado no momento de formalizar o abono na Tesourería do Concello, sendo obrigatorio domiciliar o seu pagamento para as mensualidades sucesivas. A declaración de baixa no servizo deberá formalizarse antes do día 25 do mes anterior, sendo a expedición do abono por meses completos. Dita baixa será de oficio para aqueles usuarios que debesen dúas mensualidades, sen prexuízo do cobro dos recibos por vía executiva.

Cando un recibo domiciliado sexa devolto pola entidade bancaria, pagarase en efectivo na Tesourería municipal, e a o seu importe engadirase a comisión cobrada pola entidade financeira pola devolución dos recibos. Os abonados que non estean ao corrente do pagamento das súas cotas, non poderán acceder á instalación, pasando a causar baixa automaticamente cando non teñan pagado dous recibos consecutivos.

As débedas por prezos públicos esixiranse polo procedemento de prema.

### **Artigo 6.—Normas de xestión**

1. Non poderán utilizar o aparcamento os camións e aqueles outros vehículos dos que as súas dimensións ou características fagan difícil a súa circulación polo interior ou dificulten a dos restantes usuarios do mesmo.

2. Queda prohibido introducir no aparcamento substancias perigosas ou que poidan producir molestias ao resto dos usuarios.

3. Prohíbese a realización de manobras que poidan causar danos ás instalacións do aparcamento ou ás persoas ou vehículos que se encontren no seu interior, así como calquera clase de actos que poidan perturbar o normal funcionamento do servizo.



Mércores, 31 de maio de 2017

Núm.

4. Os usuarios ocuparán co seu vehículo o lugar delimitado no chan do aparcamento, quedando prohibido invadir o espazo reservado ás prazas colindantes.

#### *DISPOSICIÓN FINAL*

O acordo de establecemento deste Prezo Público e a súa Ordenanza, unha vez aprobados polo Pleno do Concello e logo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.”

Baiona a 22 de maio de 2017

Alcalde – Presidente.

Asdo. D. Angel M. Rodal Almuiña.

Código seguro de verificación: 6I0POON4201QBWL

